

Asunto: **BASES PARA A SELECCIÓN DE 24 TRABALLADORES/AS DE DIVERSAS CATEGORIAS E PARA DISTINTOS DEPARTAMENTOS E SERVICIOS MUNICIPAIS, CON CAGO O PLAN DE CONCELLOS 2018 (LIÑA 3.- Emprego para conservación de bens e servizos municipais). DA EXCMA. DEPUTACION PROVINCIAL DE PONTEVEDRA.**

No BOP.- nº 2, do 3 de Xaneiro de 2018 a Deputación de Pontevedra publicou as Bases Reguladoras da Concesión de axudas e subvencións para a execución do Plan Concellos 2018-2019, a que se acolleu este Concello.

Por Acordo da Xunta de Goberno da Excma. Deputación de Pontevedra en sesión celebrada o día 2 de Febreiro de 2018, concedeu a este Concello unha subvención para a contratación de 30 traballadores con cargo o referido plan e concretamente ó abeiro do disposto na Liña 3.- Emprego para a conservación de bens e servizos municipais.

Vista a resolución de 29 de xuño de 2015 no que se acorda delegar as competencias da Alcaldía na Xunta de Goberno Local é polo que a Xunta de Goberno por unanimidade ACORDA:

**Primeiro.**-Aprobar as bases que rexirán a contratación, de 24 traballadores, demandantes de emprego con carácter laboral temporal cun contrato por obra ou servizo de interese social , e para os seguintes postos:

**4 OPERARIOS DE MANTEMENTO VARREDORES, 1 OPERARIO MANTEMENTO ELECTRICISTA, 1 OPERARIO MANTEMENTO FONTANEIRO, 2 OPERARIOS MANTEMENTO/ALBANEL, 1 CONDUCTOR DE MINI-PALA, 1 ARQUITECTO TÉCNICO, 1 AUXILIAR DE CONTABILIDADE, 1 AUXILIAR DE INTERVENCIÓN, 1 AUXILIAR DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, 1 AUXILIAR DE XUVENTUDE, 1 AUXILIAR DE REXISTRO, 1 AUXILIAR DE IGUALDADE, 2 TRABALLADORES/AS SOCIAIS, 4 AUXILIARES DE CULTURA, 1 TÉCNICO DE MEDIO AMBIENTE, 1 LACEIRO/RECOLLEDOR DE CANS.**

#### **SEGUNDO.- OBXECTO**

É obxecto das presentes bases de convocatoria éregular a contratación de traballadores desempregados para a execución do proxecto **“CONSERVACIÓN E FUNCIONAMENTO DE BENS E SERVICIOS MUNICIPAIS”**, en réxime laboral temporal, a tempo parcial, e na modalidade de contrato de obra ou servizo determinado de interese xeral e social.

A presente selección enmárcase dentro da Subvención concedida pola Xunta de Goberno Local da Deputación Provincial de Pontevedra, en sesión celebrada 2 de Febreiro de 2018, e dictada ao amparo do previsto nas Bases reguladoras e Convocatoria do Plan de Obras e Servizos (Pan Concellos) 2018-2019, publicadas no BOPPO nº 2, do 3 de Xaneiro de 2018.

Asimesmo favorecerase a formación e as prácticas profesionais das persoas desempregadas que se vaian a contratar.

### **TERCEIRA. RÉXIME E MODALIDADE DE CONTRATACION COMUNS A TODOLOS POSTOS OFERTADOS.**

A contratación dos traballadores será en réxime laboral temporal, xornada a tempo parcial na modalidade de contrato por obra ou servizo determinado de interese social, de conformidade con las regras de contratación establecidas nas bases da subvención enriba citadas e pola duración establecida dende o momento de finalización do proceso selectivo ata as datas indicadas na clausula quinta e como data limite o 31 de decembro de 2018.-

### **CUARTA.- REQUISITOS XERAIS.**

Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

a) Nacionalidade:

-Ser español.

-Ser nacional dun Estado membro da Unión Europea, do Reino de Noruega, da República de Islandia, ou Liechtestein, así como da Confederación de Suiza, ou nacional de algún Estado ao que, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación la libre circulación de traballadores.

-Tamén poderán participar os extranxeiros non comunitarios que residan legalmente en España conforme ás normas legais vixentes, que reúnan os permisos que lle habiliten para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b Ter cumpridos os 16 anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c Non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o normal desenvolvemento das funcións correspondentes a dita praza. As persoas con minusvalías deberán aportar certificación do correspondente organismo, sinalando se precisan adaptacións para realización das probas e especificando tales adaptacións.
- d Figurar inscritos no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandantes non ocupados e que estean dispoñibles para o emprego. Estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección coma no da formalización do contrato.
- e Haber sido preseleccionado pola oficina pública de emprego.
- f Para os/as traballadores/as sociais: Estar en posesión do título en grao social en traballo social. Para o técnico de medio ambiente: título de técnico superior en química ambiental ou título superior. Para os auxiliares de administración xeral: Ciclo formativo de Grao Medio de xestión administrativa ou titulación superior. Para os Auxiliares de Cultura Ciclo formativo de Grao Medio o superior. Para o conductor de mini-pala: estar en posesión do carné de conducir.

### **QUINTA.- PUBLICIDADE.**

Darase publicidade á presente oferta de traballo mediante su publicación no Taboleiro de Edictos do Concello e na seguinte dirección web, [www.cambados.gal](http://www.cambados.gal)

Praza do Concello, 1 \* 36630 - CAMBADOS \* Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 \* Fax: 986-52.48.66 \* Nº Rexistro Entidades Locais: 01360062 \* C.I.F.: P-3600600E

## SEXTA- XORNADA LABORAL

A xornada laboral será a tempo parcial, e será fixada polos responsables de cada departamento, a través da emisión do correspondente informe, preceptivo a formalización do contrato e alta na seguridade social.

## SETIMA.- POSTOS OFERTADOS

### DEPARTAMENTO DE OBRAS E INFRAESTRUCTURAS

- Posto: Varredores

Ocupación: Varredores (94431016)  
Número de postos: 4  
Xornada: 35 horas semanais  
Duración: 01/03/2018 ata 30/11/2018  
Requisitos: Traballo en Fins de Semana

- Posto: Operario Mantemento / Electricista

Ocupación: Electricista (75211071)  
Número de postos: 1  
Xornada: 35 horas semanais (fins de semana)  
Duración prevista: 01/03/2018 ata 30/11/2018  
Requisitos: Traballo en Fins de Semana e Coñecementos en Electricidade

- Posto: Operario Mantemento / Fontaneiro

Ocupación: Fontaneiro (75211012)  
Número de postos: 1  
Xornada: 35 horas semanais (fins de semana)  
Duración prevista: 01/03/2018 ata 30/11/2018  
Requisitos: Traballo en Fins de Semana e Coñecementos en fontanería

- Posto: Operario Mantemento / Albanel

Ocupación: Albanel (71211015)  
Número de postos: 2  
Xornada: 35 horas semanais (fins de semana)  
Duración prevista: 01/03/2018 ata 30/11/2018  
Requisitos: Traballo en Fins de Semana e Coñecementos en Albanelaría

- Posto: Conductor Mini-pala

Ocupación: Conductor - Operador de Maquinaria de Vía (83311121)  
Número de postos: 1  
Xornada: 35 horas semanais (fins de semana)  
Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Traballo en Fins de Semana e Carné de conducir

- Posto: Arquitecto Técnico

Ocupación: Arquitecto Técnico (24811013)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Titulación en Arquitectura Técnica

## DEPARTAMENTO DE ADMINISTRACIÓN XERAL

- Posto: Auxiliar de Contabilidade

Ocupación: Empregado Administrativo de Contabilidade en Xeral (41111011)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo en xestión administrativa ou titulación superior

- Posto: Auxiliar de Intervención

Ocupación: Empregado de Xestión Financeira de Empresas (41131042)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo en xestión administrativa ou titulación superior

- Posto: Auxiliar Promoción Económica

Ocupación: Axente de Desenvolvemento Local (37131014)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo medio ou titulación superior relacionado co posto

- Posto: Auxiliar de Xuventude

Ocupación: Empregado Administrativo con tarefas de atención al público no clasificados baixo outros epígrafes (45001019)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo medio ou titulación superior relacionado co posto

- Posto: Auxiliar de Rexistro

Ocupación: Empregado Administrativo con tarefas de atención al público no clasificados baixo outros epígrafes (45001019)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo medio ou titulación superior relacionado co posto

- Posto: Auxiliar de Igualdade

Ocupación: Promotores de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes (37141017)

Número de postos: 1

Xornada: 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo medio ou titulación superior relacionado co posto

- Posto: Traballador/ra social

Ocupación: Traballador/ra social (28241065)

Número de postos: 2

Xornada: Unha xornada de 35 horas semanais e outra xornada de 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Grado en Traballo Social

## DEPARTAMENTO DE CULTURA

- Posto: Auxiliar de cultura

Ocupación: Monitor de Servizos á Comunidade (37151047)

Número de postos: 4

Xornada: Dúas xornada de 35 horas semanais e outras dúas xornada de 25 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo formativo medio ou titulación superior relacionado co posto

## DEPARTAMENTO DE MEDIOAMBIENTE

- Posto: Técnico de Medioambiente

Ocupación: Técnico de Medioambiente (31291189)

Número de postos: 1

Xornada: 35 horas semanais

Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018

Requisitos: Ciclo Superior en Química ambiental ou Título superior

- Posto: Laceiro / Recolledor de cans

Praza do Concello, 1 \* 36630 - CAMBADOS \* Tfños. 986-52.09.02 /09.43/09.51 \* Fax: 986-52.48.66 \* Nº Registro Entidades Locais: 01360062 \* C.I.F.: P-3600600E

Ocupación: Coidador de animais (58931026)  
Número de postos: 1  
Xornada: 25 horas semanais  
Duración prevista: 01/03/2018 ata 31/12/2018  
Requisitos: Traballo en Fins de Semana e Carné de conducir

#### **OITAVA. - DURACION E TIPO DE CONTRATO, RETRIBUCIÓNS E TIPO DE XORNADA.**

- 1 Duración .- A duración do contrato será temporal por obra ou servizo determinado e finalizara nas datas establecidas na base sexta para cada categoría profesional
- 2 Retribucións.-

Os traballadores cunha **xornada de 25 horas** semanais, percibirán unhas retribucións mensuais brutas de **572,33€**, aboándose no último mes de contrato a indemnización correspondente en función do tempo traballado e en proporción a 12 días de salario por ano de servizo, e sempre e cando a resolución da contratación non sexa por parte do traballador.

Os traballadores cunha xornada de **35 horas semanais**, percibirán unhas retribucións brutas de **801,31€** aboándose no último mes de contrato a indemnización correspondente en función do tempo traballado e en proporción a 12 días de salario por ano de servizo, e sempre e cando a resolución da contratación non sexa por parte do traballador.

#### **NOVENA .PROCESO DE SELECCIÓN**

1.- As persoas preseleccionadas pola oficina de emprego deberán presentarse no lugar e hora indicados na carta remitida pola oficina de emprego e achegar a seguinte documentación

- \* Carta de presentación expedida pola oficina de emprego
- \* Documento nacional de identidade respecto dos aspirantes que posean a nacionalidade española, do documento de identidade do país de orixe ou pasaporte para os aspirantes nacionais dos países membros de la Unión Europea e do pasaporte e o certificado de rexistro ou tarxeta de residencia,
- \* Respecto do resto de aspirantes, orixina ou copia compulsada da titulación nos casos en que se esixa (base Terceira f)
- \* Volante ou certificado de convivencia.
- \* Documentación acreditativa dos ingresos que percibe ou de carencia de ingresos (certificado de percepción de prestacións)
- \* Outra documentación necesaria que acredite os requisitos de selección.

2.- Os criterios de selección serán os fixados nas presentes bases e ó abeiro do establecido nas nas Bases de Convocatoria da Excm. Deputación de Pontevedra, no BOPPO de 3 de xaneiro de 2018 no punto

“8.3 Emprego para a conservación e o funcionamento de bens e servizos municipais”, no párrafo CINCO

Para a selección dos candidatos daráselle preferencia por esta orde aos seguintes criterios,



- a) As vítimas de violencia de xénero
- b) As persoas candidatas maiores de 45 anos.
- c) Os candidatos que formen unha familia monoparental con fillos ó seu cargo
- d) As persoas candidatas con niveis de renda máis baixa en base a seguinte puntuación

Candidatos sin ingresos: 10 puntos.

Candidatos con rentas ata 450,00 € mensuais 7 puntos.

Candidatos con rentas superiores a 735.90, mensuais 4 puntos

- e) As persoas candidatas con cargas familiares

Aqueles candidatos que teñan a cargo familiares, 1 punto por cada familiar a cargo.

En caso de empate entre os candidatos terá preferencia aquel candidato que acredite maior tempo inscrito como demandante de emprego, e en caso de que volva a existir empate aquel candidato que teña a renda mais baixa.

#### **DÉCIMA:** CALIFICACION DA DOCUMENTACION APORTADA POLOS CANDIDATOS.

A calificación da documentación presentada polos candidatos será realizada polo Tribunal de selección que será nomeado por resolución da alcaldía.

A lista que conteña a valoración dos méritos farase pública no Taboleiro de Anuncios da Corporación, e na páxina web do Concello, [www.cambados.gal](http://www.cambados.gal) e será elevada como proposta de acordo á Xunta de Goberno Local.

#### **UNDÉCIMA:** FORMALIZACION DO CONTRATO

Á vista da proposta do Tribunal de Selección, a Xunta de Goberno de Local ditará acordó do procedemento selectivo ao obxecto de proceder á formalización do correspondente contratos e alta na Seguridade Social, debendo os seleccionados aportar no prazo que se indicará no acordó de resolución a documentación requirida.

#### **DUODÉCIMA:** PERSOAL NON ADMITIDO.

En base ao previsto no artigo 15, na disposición transitoria decimoquinta e na disposición transitoria quinta do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores así como na disposición adicional trixésimo cuarta da Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017, aqueles candidatos preseleccionados pola oficiña de emprego que nos últimos 20 meses estiveran contratados polo Concello de Cambados por un período superior a 14 meses serán inadmitidos. Iste extremo será comprobado polo departamento de persoal.

En Cambados. O Secretario Xeral

Documento asinado electrónicamente.